

Con este criterio trátase de avaliar a capacidade do alumnado para abordar, asesorado polo profesor, o estudo dunha situación de tensión relixiosa guerras relixiosas, conflito entre comunidades diferentes, situacións de expulsión, xenocidio ou intolerancia por motivos relixiosos, etc., buscando as causas que a orixinan e identificando as diferentes posicións dos participantes nela. Trátase, tamén de comprobar a iniciativa para planificar o traballo, acceder con certa autonomía a diversas fontes de información, analizar esta e presentar as conclusións de xeito claro e correcto.

ANEXO III

Horario

Horario escolar, expresado en horas, correspondente aos contidos básicos das ensinanzas mínimas para a educación secundaria obrigatoria.

Para os tres primeiros cursos:

Ciencias da natureza	230
Ciencias sociais, xeografía e historia	210
Educación física	105
Educación para a cidadanía e os dereitos humanos .	35
Educación plástica e visual	105
Lingua castelá e literatura	350
Lingua estranxeira	315
Matemáticas	280
Música	105
Tecnoloxías	140
Relixión	140

Para o cuarto curso:

Bioloxía e xeoloxía	70*
Ciencias sociais, xeografía e historia	70
Educación ético-cívica	35
Educación física	35
Educación plástica e visual	70*
Física e química	70*
Informática	70*
Latín	70*
Lingua castelá e literatura	125
Matemáticas	105
Música	70*
Primeira lingua estranxeira	105
Segunda lingua estranxeira	70*
Tecnoloxía	70*
Relixión	35

* O alumnado deberá elixir tres das materias sinaladas.

De acordo co establecido no artigo 6.3 da Lei orgánica de educación, as comunidades autónomas que teñan lingua cooficial disporán para a organización das ensinanzas da devandita lingua do 10% do horario escolar total que deriva deste anexo, non podendo detraer dunha área unha cifra superior a 50 horas no conxunto dos tres primeiros cursos, nin a 20 horas en cuarto curso.

Os contidos referidos a estruturas lingüísticas que poidan ser compartidos por varias linguas nun mesmo curso poderanse impartir de xeito conxunto. Neste caso, se a lingua de ensino destas estruturas comúns fose diferente do castelán, deberase garantir que o alumnado recibe ensinanzas de lingua e literatura castelá ou en lingua castelá nun número de horas non inferior ao que corresponda á devandita materia en aplicación dos criterios anteriores.

MINISTERIO DE INDUSTRIA, TURISMO E COMERCIO

286

ORDE ITC/4096/2006, do 28 de decembro, pola que se aproba o Regulamento de uso do dominio público radioeléctrico da banda cidadá CB-27 («BOE» 6, do 6-1-2007.)

A banda cidadá agrupa unha serie de frecuencias radioeléctricas harmonizadas a nivel europeo destinadas a seren usadas polos cidadáns, en comunicacións relacionadas con actividades de ocio ou entretemento e, en calquera caso, sen contido económico. A Nota de Utilización Nacional UN-3 do Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias, aprobado pola Orde ITC/1998/2005, do 22 de xuño, especifica os valores das frecuencias correspondentes.

O artigo 45 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, establece, no seu punto 2 a), que o outorgamento do dereito ao uso do devandito dominio revestirá a forma de autorización administrativa se se trata dunha reserva do dereito de uso especial, tendo tal consideración o uso do espectro radioeléctrico por radioaficionados e outros sen contido económico, como os de banda cidadá, establecéndose mediante regulamento o prazo da súa duración e as condicións asociadas exixibles.

O artigo 14 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioeléctrico, aprobado pola Orde do ministro de Fomento do 9 de marzo de 2000, e modificado polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril, establece que o outorgamento e a duración das autorizacións para o uso especial do dominio público radioeléctrico, así como as condicións exixibles aos seus titulares, se establecerá mediante orde.

A Conferencia Europea de Administracións de Correos e Telecomunicacións (CEPT), da cal España é membro, adoptou diversas disposicións referentes ao uso de estacións da banda cidadá CB-27, tendentes a harmonizar características e procedementos a escala supranacional, disposicións que é necesario incorporar á regulación nacional.

Por último, á vista da experiencia obtida na aplicación da Orde do 27 de febreiro de 1996, sobre regulamentación da utilización de equipamentos de radio na banda cidadá e das suxestións efectuadas por diversos colectivos de usuarios deste tipo de estacións, considérase necesario o establecemento dunha nova norma que actualice o réxime aplicable ao uso das frecuencias da banda cidadá.

Solicitouse na elaboración desta norma o informe da Comisión do Mercado das Telecomunicacións, de acordo co previsto no artigo 48.3.h) da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións. Así mesmo, realizouse o preceptivo trámite de audiencia a través do Consello Asesor das Telecomunicacións e da Sociedade da Información, ao abeiro do disposto na Lei 11/1998, do 24 de abril, desenvolvida neste aspecto polo artigo 2.b) do Real decreto 1029/2002, do 4 de outubro, polo que se establece a composición e o funcionamento do devandito órgano colexiado.

Na súa virtude, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, dispoño:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento de uso do dominio público radioeléctrico da banda cidadá CB-27.*

Apróbase o Regulamento de uso do dominio público radioeléctrico da banda cidadá CB-27, que se insire a continuación.

Disposición adicional única. *Transformación das licenzas de operador de estación de afeccionado emitidas con posterioridade á entrada en vigor do Real decreto 1620/2005, do 30 de decembro, polo que se regulan as taxas establecidas na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.*

As licenzas de operador de estación de afeccionado outorgadas conforme a normativa establecida no Real Decreto 1620/2005, do 30 de decembro, polo que se regulan as taxas establecidas na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, no momento da finalización do seu período de vixencia serán transformadas de oficio pola Administración, nas autorizacións administrativas de uso especial do espectro radioeléctrico por afeccionados reguladas na Orde ITC/1791/2006, do 5 de xuño, pola que se aproba o Regulamento de uso do dominio público radioeléctrico por afeccionados.

Disposición transitoria primeira. *Títulos outorgados antes da entrada en vigor desta orde.*

Os títulos habilitantes para uso de estacións da banda cidadá CB-27, outorgados ao abeiro das normas vixentes ata a entrada en vigor desta orde, continuarán tendo validez ata a conclusión do seu prazo de vixencia. Os devanditos títulos deberanse transformar por petición do interesado, con anterioridade ao seu vencemento, nas autorizacións de carácter persoal reguladas no artigo 14 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioeléctrico, aprobado pola Orde do Ministerio de Fomento do 9 de marzo de 2000, e modificado polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril, após o aboamento, por unha soa vez, da taxa de tramitación de autorizacións de uso especial do dominio público radioeléctrico a que fai referencia o capítulo V do Real decreto 1620/2005, do 30 de decembro, polo que se regulan as taxas establecidas na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Os actuais títulos habilitantes para uso especial do dominio público radioeléctrico perderán o seu vigor se no momento da conclusión do seu prazo de validez de cinco anos non foron transformados en autorizacións de carácter persoal conforme o disposto no parágrafo anterior.

A partir da entrada en vigor desta orde, as autorizacións para a utilización de estacións da banda cidadá CB-27 que xa fosen transformadas de conformidade co disposto no parágrafo primeiro, serán adaptadas, de oficio pola Administración Xeral do Estado, ao modelo que se aproba nesta orde.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio ata a constitución efectiva da Axencia Estatal de Radiocomunicacións.*

Ata a efectiva constitución da Axencia Estatal de Radiocomunicacións (AER), a competencia para a tramitación e resolución dos procedementos relativos á xestión do dominio público radioeléctrico da banda cidadá CB-27 continuaralles correspondendo aos órganos do Ministerio de Industria, Turismo e Comercio que a tiñan atribuída desde a entrada en vigor da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Disposición transitoria terceira. *Descarga electrónica do modelo de solicitude.*

No prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta orde habilitarase a descarga electrónica, a través da correspondente páxina web, do modelo a que se refire o artigo 5 deste regulamento.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogada a Orde do Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente, do 27 de febreiro de 1996, sobre regulamentación da utilización de equipamentos da denominada banda cidadá CB-27.

2. Así mesmo, quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Facultades de desenvolvemento.*

Facúltase a AER para ditar as instrucións que se consideren necesarias para o desenvolvemento e aplicación deste regulamento, así como para actualizar o contido técnico dos seus anexos.

Disposición derradeira segunda. *Título competencial.*

Esta orde dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.21.º da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de telecomunicacións.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado, salvo na obriga relativa á expedición en formato bilingüe da resolución a que se refire o artigo 7, punto 4, do regulamento que se aproba, a cal non será exixible ata pasado un ano desde a entrada en vigor deste.

Madrid, 28 de decembro de 2006.–O ministro de Industria, Turismo e Comercio, Joan Clos i Matheu.

Regulamento de Uso do Dominio Público Radioeléctrico da Banda Cidadá CB-27

CAPÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Este regulamento ten por obxecto a regulación do uso especial do dominio público radioeléctrico da banda cidadá, en desenvolvemento da previsión establecida no artigo 14 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioeléctrico, aprobado por Orde do Ministerio de Fomento do 9 de marzo de 2000, e modificado polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril, polo que se aproba o Regulamento sobre as condicións para a prestación de servizos de comunicacións electrónicas, o servizo universal e a protección dos usuarios, abrangendo o réxime xurídico aplicable para o outorgamento de autorizacións administrativas de uso do espectro radioeléctrico da banda cidadá CB-27 e as condicións de utilización de equipamentos radioeléctricos nesta banda.

2. No non particularmente previsto neste regulamento observarase o especificado no desenvolvemento

reglamentario a que fai referencia o artigo 44.1 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Artigo 2. *Concepto de uso especial do espectro da banda cidadá CB-27.*

1. Terá a consideración de uso especial do dominio público radioeléctrico da banda cidadá CB-27 o uso das frecuencias que se sinalan no anexo I deste regulamento, coas características técnicas neste especificadas e con potencias superiores a 100 mW, de forma compartida sen exclusión de terceiros en actividades de ocio ou sen fins de lucro nin contido económico.

2. O uso do dominio público radioeléctrico recoñecido neste regulamento non garante o dereito ao seu mantemento no tempo. Por razóns de eficiencia no uso do espectro radioeléctrico ou por razóns técnicas de atribución de bandas, o Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias (CNAF) poderá modificar o carácter de uso especial de determinadas bandas, subbandas ou frecuencias e establecer a súa atribución para outros usos. No devandito caso, sinalarase na orde de modificación do CNAF un período transitorio de adaptación ou amortización dos equipamentos, non orixinando, en ningún caso, dereito de indemnización aos actuais usuarios.

Artigo 3. *Terminoloxía.*

Para os efectos deste regulamento os termos definidos no anexo I terán o significado que alí se lles asigna. Calquera outro termo non incluído no devandito anexo terá o significado asignado no anexo II da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, ou no artigo 1 do Regulamento de Radiocomunicacións da Unión Internacional de Telecomunicacións.

CAPÍTULO II

Autorización do uso do espectro radioeléctrico da banda cidadá CB-27

Artigo 4. *Autorización administrativa de uso do espectro radioeléctrico.*

1. De acordo co disposto no artigo 45 da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, o uso especial do espectro radioeléctrico da banda cidadá CB-27 requirirá a obtención previa dunha autorización administrativa individualizada, a partir deste momento denominada autorización CB-27 outorgada pola Axencia Estatal de Radiocomunicacións (AER).

2. Poderán ser titulares de autorización CB-27 as persoas físicas maiores de idade e os menores que dispoñan de documento nacional de identidade vixente, sempre que algunha das persoas baixo cuxa custodia ou tutela se encontren se responsabilice expresamente da súa correcta utilización.

Poderán ser igualmente titulares de autorizacións CB-27 as persoas xurídicas que teñan por obxecto social a realización de actividades educativas, culturais, deportivas, etc., ou outras exercidas sen ánimo de lucro nin contido económico, considerándose responsable da autorización a persoa que en cada momento exerza a súa representación.

Os cidadáns doutros países que acrediten documentalmente a súa condición de residentes en España poderán ser titulares de autorizacións CB-27.

3. As autorizacións CB-27 teñen carácter indefinido e conservarán a súa vixencia mentres o seu titular non manifeste a súa renuncia. Non obstante, o seu titular deberalle comunicar de maneira que faga fe á AER, cada cinco anos, a súa intención de seguir utilizando o dominio

público radioeléctrico. O prazo para efectuar a primeira comunicación será do 1 de setembro ao 30 de novembro do ano en que cumpra o seu quinto de vixencia e, posteriormente, cada cinco anos no mesmo prazo.

4. A autorización CB-27 habilita para efectuar emisións con estacións da banda cidadá CB-27 que funcionen única e exclusivamente coas frecuencias, potencias e clases de emisión indicadas no anexo I deste regulamento. As estacións, ademais, deberán cumprir co disposto no Real decreto 1890/2000, do 20 de novembro, sobre avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións ou normativa anterior que lle sexa de aplicación. As estacións da banda cidadá CB-27 que funcionen con modulación de frecuencia ou de fase deberán satisfacer as características técnicas que se indican no Real decreto 926/1995, do 9 de xuño, polo que se establecen as especificacións técnicas dos equipamentos de radio con modulación angular que se utilizarán na denominada banda cidadá CB-27.

5. A utilización de estacións das características técnicas indicadas no punto anterior, pero con potencias inferiores a 100 mW, considerárase de uso común do espectro radioeléctrico e non precisará de autorización administrativa.

6. A autorización CB-27 é válida para todo o territorio nacional. A validez noutros países queda condicionada á súa normativa específica e aos acordos internacionais que, de ser o caso, subscribísen con España.

As xefaturas provinciais de Inspección de Telecomunicacións subministraranlles aos usuarios de estacións da banda cidadá CB-27 interesados información e, de ser o caso, os documentos necesarios para a utilización das súas estacións noutros países.

Artigo 5. *Presentación de solicitudes e documentación complementaria.*

Os interesados en obter unha autorización CB-27 dirixirán as solicitudes á AER, no modelo normalizado que figura como anexo II a este regulamento, con carácter preferente a través da Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións correspondente ao seu lugar de residencia, ou en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro. Na devandita solicitude, ademais dos datos de identificación, incluírase a seguinte documentación:

a) Fotocopia do documento nacional de identidade en vigor do solicitante e, de ser o caso, o do representante. Cando o solicitante fose estranxeiro, documento de identificación que produza efectos equivalentes no seu país de orixe, ou ben o pasaporte, así como documentación acreditativa da súa residencia en España. Cando se dean os requisitos establecidos no Real decreto 522/2006, do 28 de abril, polo que se suprime a presentación de fotocopias de documentos de identidade nos procedementos administrativos da Administración Xeral do Estado e dos seus organismos públicos vinculados ou dependentes, non será necesaria a achega de fotocopia.

b) No caso de persoas xurídicas, documento acreditativo do seu obxecto social e fotocopia do poder de representación do asinante da solicitude.

c) Xustificante do aboamento da taxa telecomunicacións establecida na Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

d) No caso de que o solicitante sexa menor de idade, deberá achegarse un escrito de autorización, en forma fidedigna, dos seus pais ou persoas a cuxo cargo estea, no cal asuman as responsabilidades que correspondan ao titular da autorización.

e) Marca, modelo e número de serie das estacións da banda cidadá CB-27 que se pretenden utilizar, así como fotocopia do manual de usuario ou doutro documento onde apareza a marcación da estación e no cal se describan as súas características técnicas.

f) Declaración de conformidade realizada polo fabricante ou certificado de aceptación, no caso de equipamentos postos no mercado con anterioridade á entrada en vigor do Regulamento que establece o procedemento para a avaliación da conformidade dos aparellos de telecomunicacións, aprobado polo Real decreto 1890/2000, do 20 de novembro.

Os documentos previstos nas alíneas e) e f) poderán ser substituídos por unha xustificación fidedigna de figurar con anterioridade noutra licenza de estación de banda cidadá.

Artigo 6. *Prazo para resolver e notificar.*

O prazo para resolver e notificar as solicitudes de autorizacións de estacións da banda cidadá CB-27 será de seis semanas desde a entrada da solicitude en calquera dos rexistros da AER.

A Xefatura Provincial examinará a idoneidade da documentación achegada polo solicitante e, se o considerase necesario, poderá requirir a presentación da estación ou estacións para as cales solicita autorización.

Sen prexuízo da obriga da AER de resolver expresamente, transcorrido o prazo a que se refire o parágrafo anterior sen que se notificase resolución expresa, deberá entender desestimada a solicitude, podendo o solicitante interpor o correspondente recurso conforme o previsto no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 7. *Resolución.*

1. A AER ditará resolución motivada outorgando a autorización CB-27 xunto co distintivo de chamada segundo modelo que figura como anexo III a este regulamento, ou denegando a autorización solicitada. A autorización amparará a utilización non simultánea de ata tres estacións da banda cidadá CB-27 distintas correspondentes a cada un dos tres posibles tipos (fixa, móbil, portátil), sen que, en ningún caso, se poida incluír nunha mesma autorización máis dunha estación do mesmo tipo.

2. Para o outorgamento das autorizacións CB-27 serán de aplicación o regulamento contido no anexo I do Real decreto 1773/1994, do 5 de agosto, polo que se adecúan determinados procedementos administrativos en materia de telecomunicacións á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, o Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioelétrico, aprobado por Orde do Ministerio de Fomento do 9 de marzo de 2000, e modificado polo Real decreto 424/2005, do 15 de abril, e este regulamento.

3. O titular da autorización está obrigado a lle comunicar á AER os seus cambios de domicilio para efectos de notificacións.

4. Naquelas comunidades autónomas en que exista lingua cooficial ademais do castelán, a autorización expedirase en formato bilingüe, por petición do interesado.

Artigo 8. *Revogación das autorizacións CB-27.*

1. Logo de tramitación de correspondente expediente en que, de acordo con establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administra-

cións públicas e do procedemento administrativo común, se deberá dar audiencia ao interesado, poderán ser causas específicas de revogación da autorización CB-27 as seguintes:

a) O incumprimento do deber de comunicación fidedigna á Administración cada cinco anos, da intención de continuar utilizando o dominio público radioelétrico, considerado no artigo 14 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioelétrico, aprobado pola Orde do Ministerio de Fomento do 9 de marzo de 2000.

b) As consideradas no artigo 15 do Regulamento de desenvolvemento da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, no relativo ao uso do dominio público radioelétrico, aprobado pola Orde do Ministerio de Fomento do 9 de marzo de 2000.

2. En todo caso a revogación da autorización CB-27 exixirá resolución motivada.

Artigo 9. *Autorizacións temporais para estranxeiros.*

As persoas físicas non residentes en España que dispoñan da preceptiva autorización no seu país de orixe non precisarán autorización para a utilización temporal, por período de tempo non superior a un mes, de estacións CB-27 móbiles ou portátiles, sempre que os seus países de orixe adoptasen a Recomendación T/R 20-09 e a Decisión ERC/DEC/(98/11) da Conferencia Europea de Administracións de Correos e Telecomunicacións (CEPT) e as estacións funcionen coas características técnicas especificadas nestas. Así mesmo, estarán exentos de autorización CB-27 os estranxeiros pertencentes a países cos cales España subscribiu acordos de reciprocidade, nas condicións previstas en tales acordos.

CAPÍTULO III

Estacións da banda cidadá CB-27

Artigo 10. *Características técnicas das estacións da banda cidadá CB-27.*

As características técnicas a que se deberán axustar no seu funcionamento as estacións da banda cidadá CB-27 detállanse no anexo I deste regulamento, entendéndose estas como valores máximos permitidos.

Artigo 11. *Condicións de instalación das estacións da banda cidadá CB-27.*

A autorización das estacións fixas quedará condicionada, en calquera caso, á ausencia de perturbacións a outros servizos radioelétricos autorizados existentes nas súas proximidades, así como ao cumprimento das disposicións vixentes en materia de seguranza nacional, de servidumes radioelétricas ou aeronáuticas, de ambiente, de ordenación do territorio ou calquera outra que lle resulte de aplicación. A obtención dos permisos ou autorizacións relacionadas con estas materias serán por conta e a cargo dos solicitantes da autorización.

As antenas instalaranse o máis afastadas posible das antenas receptoras de radiodifusión e televisión, non disporán de ganancia superior a 6 dB e carecerán de directividade no plano horizontal.

Non está permitida a instalación de estacións de banda cidadá CB-27 a bordo de aeronaves. Así mesmo, non está permitida a instalación de estacións repetidoras de sinal, nin as comunicacións vía satélite.

Artigo 12. Normas de uso das estacións da banda cidadá CB-27.

1. A utilización das estacións CB-27 axustarase ás seguintes normas:

a) A autorización CB-27 deberá acompañar sempre a estación que se estea a utilizar en cada momento. En caso de que a estación CB-27 fose utilizada por persoa distinta do titular da autorización, deberase xuntar tamén á estación un permiso asinado polo seu titular. O titular será responsable dos prexuízos que deriven da utilización da estación amparada pola súa autorización, agás nos supostos de roubo ou extravío, sempre que acredítase algunha destas circunstancias ante a Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións, mediante xustificación ou fotocopia compulsada da denuncia ante a autoridade competente.

b) A autorización CB-27 non faculta para a utilización de estacións distintas ás incluídas nela. Todo cambio de estación deberá ser notificado, para a súa autorización, á Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións correspondente.

c) Non está permitida a ligazón ás estacións da banda cidadá CB-27 de dispositivos que permitan obter potencias superiores ás autorizadas, nin a súa conexión á rede telefónica pública ou a outras instalacións de telecomunicacións.

d) A modalidade de funcionamento das estacións comprendidas en cada autorización será en «simplex», utilizando a mesma frecuencia en transmisión e recepción.

2. De conformidade coas notas UN-3 e UN-6 do Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias (CNAF), aprobado pola Orde ITC/1998/2005, do 22 de xuño, as estacións da banda cidadá CB-27 deberán aceptar a interferencia prexudicial que poida resultar das aplicacións industriais, científicas e médicas, dentro da banda que comprende as canles 1 á 28 das 40 canles atribuídas polo devandito cadro ás mencionadas estacións.

3. Na utilización das estacións de banda cidadá CB-27 non está permitido:

a) A transmisión de comunicacións de terceiras persoas ou con destino a un terceiro, salvo cando se trate de temas específicos da actividade propia do uso da banda cidadá e de comunicacións de socorro.

b) A emisión de sinais, música, anuncios, propaganda ou informacións de calquera tipo, coa excepción dos relacionados coa actividade propia da banda cidadá.

c) A emisión continua dunha onda portadora non modulada.

d) O emprego dos sinais de alarma, socorro, urxencia e seguranza definidos no Regulamento de radiocomunicacións.

Artigo 13. Estacións colectivas de asociacións CB-27.

As asociacións de usuarios da banda cidadá CB-27 recoñecidas poderán ser autorizadas a instalar estacións colectivas, de cuxa utilización será responsable un membro da asociación, designado pola súa xunta directiva. Estas estacións deberán cumprir as mesmas normas técnicas e administrativas que as instalacións individuais.

Artigo 14. Desmontaxe das instalacións.

Cando se revogue a autorización CB-27, calquera que sexa a causa, o interesado está obrigado, con todos os gastos ao seu cargo, a proceder á desmontaxe das instalacións, mesmo das antenas.

A licenza de estación de banda cidadá CB-27 cancelárase cando non existan equipamentos que xustifiquen a

existencia da estación e perderá a súa vixencia seis meses despois da baixa da última estación.

CAPÍTULO IV**Identificación das emisións****Artigo 15. Distintivos de chamada.**

Toda autorización CB-27 terá asignado un distintivo de chamada de acordo coa seguinte estrutura: ECB XX YYY, onde:

XX: campo numérico con dúas cifras que coincidirán coas dúas primeiras cifras do código postal da provincia onde se expida a autorización. En caso necesario, poderán utilizarse outras combinacións de dúas cifras. No caso das cidades de Ceuta e Melilla utilizaranse as cifras 51 e 52, respectivamente.

YYY: campo alfabético de tres letras, desde AAA ata ZZZ, que se outorgarán correlativamente por cada Xefatura Provincial de Inspección de Telecomunicacións. Quedan excluídas as combinacións DDD, PAN, SOS, TTT, XXX e as que comezan coa letra Q.

Artigo 16. Identificación das emisións.

As emisións das estacións de banda cidadá CB-27 identificaranse mediante a transmisión do seu distintivo de chamada ao comezo e ao final de cada emisión. Esta norma pódese ver modificada no caso de que as emisións sexan de moi curta duración ou, pola contra, demasiado extensas. En ambas as dúas circunstancias deberase dar o distintivo de chamada polo menos cada dez minutos. A identificación das emisións das estacións móbiles efectuarase engadindo ao distintivo de chamada as palabras móbil, móbil marítima, ou portátil segundo proceda.

CAPÍTULO V**Obrigas do titular dunha autorización de estación da banda cidadá CB-27.****Artigo 17. Normas xerais de uso.**

1. A utilización de estacións da banda cidadá CB-27 será unicamente con fins de ocio e recreo, non profesionais, sen ánimo de lucro nin contido económico. A realización de emisións deberase efectuar coas características técnicas indicadas na autorización CB-27.

2. Todo titular de autorización CB-27 virá obrigado a colaborar cos seus medios radioeléctricos, para satisfacer as necesidades de comunicacións relacionadas con operacións de socorro en caso de catástrofes naturais e por requirimento da autoridade competente.

Se o titular de autorización CB-27 captase unha comunicación de socorro procedente dunha estación en perigo, deberá facer o posible para que a devandita comunicación chegue canto antes á autoridade competente na materia. Todos os usuarios quedan obrigados a cesar as súas emisións, nos casos que sexa preciso, na canle 9 (27,065 MHz), destinada ao curso do tráfico de socorro e urxencia en todo o territorio nacional, quedando á escoita na mencionada canle ata que o devandito tráfico finalice ou non se requira a súa colaboración.

3. Para unha mellor utilización do espectro de frecuencias dispoñible procurárase que as mensaxes transmitidas sexan de curta duración.

4. No caso de estacións móbiles, e para facer posible o seu control polos servizos correspondentes, o aparello debe ser doadamente extraíble da súa situación.

5. As transmisións entre estacións da banda cidadá non se deberán codificar para ocultar o seu significado.

Artigo 18. Medidas de seguranza.

Todo titular dunha autorización CB-27 deberá garantir o uso correcto das estacións amparadas nesta, impedindo o seu uso por persoas non autorizadas. Así mesmo, o titular dunha autorización CB-27 está obrigado a observar as normas de seguranza establecidas para evitar calquera tipo de accidente derivado do uso das súas estacións. As antenas e os elementos anexos deberán ser mantidos axeitadamente, debendo emendar de forma inmediata calquera anomalía que afecte a súa seguranza. A AER non será responsable, en ningún caso, do incumprimento de tales normas.

Artigo 19. Interferencias a outros servizos de telecomunicacións.

As emisións das estacións da banda cidadá CB-27 non deben ocasionar interferencias a outros servizos de telecomunicación debidamente autorizados ou á recepción de emisións de radiodifusión sonora ou de televisión, debendo cesar nas súas emisións ata que se eliminen as causas que a producen ou durante o prazo dado ao titular da estación interferida para a súa revisión e adopción das medidas apropiadas a eliminar, tal como se indica no artigo seguinte.

Artigo 20. Medidas que se adoptarán en caso de interferencia.

Se, logo de comprobación por persoal da Administración, se determinase que unha estación da banda cidadá CB-27 causa interferencia a outras instalacións de telecomunicación debidamente autorizadas ou á recepción de emisións de radiodifusión sonora ou de televisión, o titular da autorización deberá, á súa custa, adoptar na súa estación todas as medidas razoables, de tipo técnico, para eliminar a devandita interferencia, comunicándolle á Administración as medidas adoptadas.

Se, unha vez adoptadas as medidas anteriores, subsistise a interferencia, requirirase o titular das instalacións interferidas para que, no prazo máximo dun mes, a partir da recepción do escrito da Administración en que se indique a necesidade de o facer, revise as instalacións interferidas e adopte, ao seu cargo, as medidas apropiadas a eliminar, advertíndoo de que, de non o facer así, se considerará que desistiu da súa reclamación, logo de resolución da Administración.

En caso de que non sexa posible eliminar a interferencia, de conformidade cos artigos anteriores, a Administración poderalle impor á estación de banda cidadá restricións en canto á súa utilización.

CAPÍTULO VI

Inspección e réxime sancionador.

Artigo 21. Funcións inspectoras e sancionadoras.

As estacións da banda cidadá CB-27 quedan sometidas á inspección da AER, que a exercerá na forma e tempo que considere oportunos, quedando obrigados os titulares das autorizacións a lles facilitar o acceso aos lugares das instalacións aos funcionarios nomeados para o efecto.

Conforme o disposto no título VIII da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións, todo titular de autorización CB-27 está obrigado a lle facilitar ao persoal

da Inspección de Telecomunicacións, no exercicio das súas funcións, a inspección dos aparellos e instalacións e de cantos documentos, permisos ou autorizacións estea obrigado a levar ou posuír. Os funcionarios adscritos á Inspección das Telecomunicacións terán, no exercicio das súas funcións, a consideración de autoridade pública e poderán solicitar, a través da autoridade gubernativa correspondente, o apoio necesario das forzas e corpos de seguranza.

Artigo 22. Réxime sancionador.

A tipificación das infraccións, sancións, prescricións e competencias sancionadoras será a establecida no título VIII da Lei 32/2003, do 3 de novembro, xeral de telecomunicacións.

Artigo 23. Adopción de medidas.

As medidas temporais ou definitivas de intervención das instalacións e as subseguintes operacións de desmontaxe serán, en todo caso, por conta e risco do infractor.

ANEXO I

Características técnicas das estacións da banda cidadá CB-27

1. Terminoloxía e definicións.

a) Administración: Todo departamento ou servizo gubernamental responsable do cumprimento das obrigas derivadas da Constitución da Unión Internacional de Telecomunicacións, do Convenio da Unión Internacional de Telecomunicacións e dos seus regulamentos administrativos.

b) Largo de banda necesaria: Largo da banda de frecuencias estritamente suficiente para asegurar a transmisión da información á velocidade e coa calidade requiridas en condicións específicas, para unha clase de emisión dada.

c) Largo de banda ocupada: Largo da banda de frecuencias tal que, por debaixo da súa frecuencia límite inferior e por riba da súa frecuencia límite superior, se emitan potencias medias iguais cada unha a un 0,5 por 100 da potencia media total dunha emisión dada.

d) Asociación de usuarios de banda cidadá CB-27: Asociación legalmente constituída e recoñecida como tal pola Administración por figurar nos seus estatutos como finalidades específicas as propias dos usuarios de equipamentos de banda cidadá.

e) Clase de emisión: Conxunto de caracteres en función das características dunha emisión, a saber: tipo de modulación da portadora principal, natureza do sinal modulador, tipo de información que se vai transmitir, así como tamén, de ser o caso, calquera outra característica. Cada clase désígnase mediante un conxunto de símbolos normalizados.

f) Distintivo de chamada: Identificación dunha estación de banda cidadá.

g) Dominio público radioelétrico: Espazo polo cal se poden propagar as ondas radioelétricas.

h) Emisión fóra de banda: Emisión nunha ou varias frecuencias situadas inmediatamente fóra do largo de banda necesario, resultante do proceso de modulación, excluindo as emisións non esenciais.

i) Emisión non esencial: Emisión nunha ou varias frecuencias situadas fóra do largo de banda necesario, cuxo nivel se pode reducir sen influír na transmisión da información correspondente. As emisións harmónicas, as emisións parasitas, os produtos de intermodulación e os produtos da conversión de frecuencias están comprendi-

dos nas emisións non esenciais, pero están excluídas as emisións fóra de banda.

j) Emisións non desexadas: Conxunto das emisións non esenciais e das emisións fóra de banda.

k) Espectro radioeléctrico: Ondas electromagnéticas cuxas frecuencias están comprendidas entre 9 kHz e 3.000 GHz, que se propagan polo espazo sen guía artificial.

l) Estación de banda cidadá: Transmisor e receptor (transceptor) de radiocomunicacións destinado a intercambiar mensaxes faladas con fins de ocio e recreo, que utiliza calquera frecuencia das indicadas na nota de utilización UN-3 do Cadro Nacional de Atribución de Frecuencias (CNAF) en modalidade de «símplex» (emisión e recepción alternativas).

m) Estación colectiva de banda cidadá: Estación fixa cuxa titularidade lle corresponde a unha asociación de usuarios de banda cidadá recoñecida.

n) Estación fixa de banda cidadá: Estación utilizada nunha situación determinada e cuxa antena está instalada permanentemente nunha situación xeográfica fixa.

ñ) Estación móbil de banda cidadá: Estación destinada a ser utilizada en movemento ou mentres estea detida en puntos non determinados.

o) Estación portátil de banda cidadá: Estación móbil que posúe antena e fonte de enerxía incorporadas ao propio equipamento.

p) Estación radioeléctrica: Un ou máis equipamentos transmisores ou receptores de radio, ou unha combinación de transmisores e receptores incluíndo as instalacións accesorias, necesarios para asegurar un servizo de radiocomunicación ou o servizo de radioastronomía nun lugar determinado.

q) Frecuencia asignada: Valor nominal da frecuencia portadora (sen modular) ou da frecuencia de emisión.

r) Ganancia dunha antena: Relación xeralmente expresada en decibelios que debe existir entre a potencia necesaria á entrada dunha antena de referencia sen perdas e a potencia subministrada á entrada da antena en cuestión, para que ambas as dúas antenas produzan, nunha dirección dada, a mesma intensidade de campo, ou a mesma densidade de fluxo de potencia, á mesma distancia. Salvo que se indique o contrario, a ganancia refírese á dirección de máxima radiación da antena. Eventualmente pódese tomar en consideración a ganancia para unha polarización especificada.

Segundo a antena de referencia elixida, distínguese entre:

1.º A ganancia isotrópica ou absoluta (G_i) se a antena de referencia é unha antena isotrópica illada no espazo.

2.º A ganancia con relación a un dipolo de media onda (G_d) se a antena de referencia é un dipolo de media onda illado no espazo e cuxo plano ecuatorial contén a dirección dada.

3.º A ganancia con relación a unha antena vertical curta (G_v) se a antena de referencia é un condutor rectilíneo moito máis curto que un cuarto de lonxitude de onda e perpendicular á superficie dun plano perfectamente condutor que contén a dirección dada.

s) Interferencia: Efecto non desexado provocado por unha ou varias emisións, radiacións, inducións ou as súas combinacións sobre a recepción nun sistema de radiocomunicación, que se manifesta como degradación da calidade, ou perda da información que se podería obter en ausencia deste efecto non desexado.

t) Interferencia prexudicial: Interferencia que compromete o funcionamento dun servizo de radionavegación ou doutros servizos de seguranza ou que degrada gravemente, interrompe repetidamente ou impide o funcionamento dun servizo de radiocomunicación legalmente establecido e explotado de acordo co Regulamento de radiocomunicacións.

u) Medición de potencia: A medición da potencia de emisión dun equipamento de banda cidadá realizarase sempre que iso sexa posible con relación á potencia da portadora. Nas clases de emisión en que a portadora está suprimida ou reducida máis de 6 dB, a medición realizarase con relación á potencia na crista da envolvente. Os procedementos de medición de potencia axustaranse ás recomendacións UIT-R que sexan aplicables.

v) Ondas radioeléctricas ou ondas hertzianas: Ondas electromagnéticas, cuxa frecuencia se fixa convencionalmente por debaixo de 3.000 GHz, que se propagan polo espazo sen guía artificial.

w) Potencia da portadora: A media da potencia subministrada á liña de alimentación da antena por un transmisor durante un ciclo de radiofrecuencia en ausencia de modulación.

x) Potencia na crista da envolvente: A media da potencia subministrada á liña de alimentación da antena por un transmisor en condicións normais de funcionamento, durante un ciclo de radiofrecuencia, tomado na crista máis elevada da envolvente de modulación.

y) Potencia isotrópica radiada equivalente (p.i.r.e): Produto da potencia subministrada á antena pola súa ganancia con relación a unha antena isotrópica nunha dirección dada (ganancia isotrópica ou absoluta).

z) Potencia radiada aparente (p.r.a.): Produto da potencia subministrada á antena pola súa ganancia con relación a un dipolo de media onda nunha dirección dada.

aa) Radiocomunicación: Toda telecomunicación transmitida por medio de ondas radioeléctricas.

ab) Telecomunicación: Toda transmisión, emisión ou recepción de signos, sinais, escritos, imaxes, sons ou informacións de calquera natureza por fío, radioelectricidade, medios ópticos ou outros sistemas electromagnéticos.

ac) Tolerancia de frecuencia: Desviación máxima admisible entre a frecuencia asignada e a situada no centro da banda de frecuencias ocupada por unha emisión. Exprésase en millonésimas ou en hertz.

ad) Uso especial do dominio público radioeléctrico: Uso de bandas e frecuencias que se sinalen como de uso compartido, sen exclusión de terceiros, non considerado como de uso común, para fins de mero entretemento ou ocio e sen contido económico.

2. Relación de canles e frecuencias utilizables polas estacións CB-27.

Número de canle	Frecuencia MHz	Número de canle	Frecuencia MHz
1	26,965	21	27,215
2	26,975	22	27,225
3	26,985	23	27,255
4	27,005	24	27,235
5	27,015	25	27,245
6	27,025	26	27,265
7	27,035	27	27,275
8	27,055	28	27,285
9	27,065	29	27,295
10	27,075	30	27,305
11	27,085	31	27,315
12	27,105	32	27,325
13	27,115	33	27,335
14	27,125	34	27,345
15	27,135	35	27,355
16	27,155	36	27,365
17	27,165	37	27,375
18	27,175	38	27,385
19	27,185	39	27,395
20	27,205	40	27,405

3. Clases de emisión autorizadas.

6 K 00 F 3 E: Telefonía con modulación de frecuencia.

Así mesmo, con carácter temporal e experimental, e nos prazos e condicións técnicas que a AER estableza, poderán ser utilizadas as seguintes clases de emisión:

6 K 00 A 3 E: Telefonía con modulación de amplitude, dobre banda lateral.

3 K 00 H 3 E: Telefonía con modulación de amplitude, banda lateral única con portadora completa.

3 K 00 R 3 E: Telefonía con modulación de amplitude, banda lateral única con portadora reducida.

3 K 00 J 3 E: Telefonía con modulación de amplitude, banda lateral única con portadora suprimida.

4. Potencia do transmisor.

A potencia dos equipamentos de CB-27 non será superior a 4 vatios para as clases de emisión F3E e A3E e 12 vatios de potencia de crista da envolvente nos distintos casos de modulación de amplitude con banda lateral única.

ANEXO II

Solicitud de autorización administrativa de uso do espectro radioeléctrico
da banda cidadá CB-27

SOLICITANTE:

Nome ou razón social: NIF: Teléfono: Enderezo C.E.:

Enderezo: Cidade: Código postal:

REPRESENTANTE ou titor:

Nome: NIF: Teléfono: Enderezo C.E.:

Relación co solicitante:

Enderezo: Cidade: Código postal:

ESTACIÓN FIXA:

Situación:

Identificación do equipamento:

Marca: Modelo: Número de serie: Marcación C.E.:

Mesmo equipamento que: Estación móbil. Estación portátil.

ESTACIÓN MÓBIL:

Identificación da estación:

Marca: Modelo: Número de serie: Marcación C.E.:

Mesmo equipamento que estación portátil.

ESTACIÓN PORTÁTIL:

Identificación do equipamento:

Marca: Modelo: Número de serie: Marcación C.E.:

Declaro a veracidade dos datos indicados e solicito a autorización para a súa instalación e uso.

En, o.....de.....de 200...

O solicitante

O representante,

SR. SECRETARIO DE ESTADO DE TELECOMUNICACIÓNS E PARA A SOCIEDADE DA
INFORMACIÓN.

Os datos contidos nesta solicitude poderán ser incorporados a un ficheiro automatizado destinado ao rexistro e tratamento dos datos administrativos e técnicos relativos ao Rexistro Nacional de Frecuencias e, de ser o caso, ao Rexistro de Liquidación de Taxas, e serán utilizados na forma e coas limitacións e dereitos que recolle a Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal. Se desexa acceder ou rectificar ou anular, se é o caso, os seus datos, pódeo comunicar a:

Subdirección Xeral de Planificación e Xestión do Espectro Radioelétrico

R/ Capitán Haya, 41 -28071 - MADRID. Fax: 91 346 22 29

ANEXO III

Modelo de autorización CB-27 (anverso)

ESPAÑA



MINISTERIO DE INDUSTRIA TURISMO E COMERCIO
SECRETARÍA DE ESTADO DE TELECOMUNICACIÓN
E PARA A SOCIEDADE DA INFORMACIÓN

AUTORIZACIÓN ADMINISTRATIVA PARA USO DO ESPECTRO RADIOELÉCTRICO DA BANDA
CIDADÁ CB -27

O titular desta autorización comprométese a tomar cantas medidas sexan necesarias para que o funcionamento da estación cumpra estritamente a regulamentación vixente.

Sinatura

(reverso)

TITULAR: NIF Distintivo: Enderezo:	ESTACIÓN FIXA: Situación: Marca equipamento: Modelo: Nº serie: ESTACIÓN MÓBIL	Esta autorización habilita o uso non profesional da estación fixa CB-27 na localización indicada e dos equipamentos móbil e portátil en todo o territorio nacional.
Frecuencias (MHz) 26,960 a 27,410 Clase de emisión Potencia máxima F3E 4 W A3E 4 W H3E 12 W J3E 12 W R3E 12 W	Marca equipamento: Modelo: Nº serie: ESTACIÓN PORTÁTIL Marca equipamento: Modelo: Nº serie:	O SECRETARIO DE ESTADO <i>(PD Orde ITC/3187/2004, do 4 de outubro; BOE do 6 de outubro)</i> O XEFE PROVINCIAL DE INSPECCIÓN DE TELECOMUNICACIÓNS Data expedición: